



## INDICE

<i>Día das Letras Galegas.</i>	3-4
<i>Racismo na escola</i>	5-6
<i>Premios da semana da ciencia</i>	7-8-9
<i>Drogas e mocidade</i>	10-11
<i>O éxito</i>	12
<i>Premios literarios do Día das Letras Galegas</i>	13-14-15
<i>Fotos alumnos 2ª A e B</i>	16
<i>Fotos alumnos 2ª C e D</i>	17
<i>Teatro no instituto</i>	18-19
<i>A "imposición" do galego</i>	20
<i>Novas da lingua</i>	21
<i>O que se leu sobre a lingua</i>	22
<i>Club de lectura</i>	23
<i>Actividades do Departamento de Lingua castelá</i>	24
<i>E-TRAD NO IES "A.C."</i>	25
<i>Guía e instrucións de uso de videoxogos</i>	26-27
<i>Entroido no IES "A.C."</i>	28
<i>Actividades do IES</i>	29-30
<i>3º premio das portadas</i>	31
<i>2º premio das portadas</i>	contraportada
<i>1º premio das portadas</i>	portada

## Editorial

Que se debe entender a estas alturas por "normalizar unha lingua"? Unha resposta posible: que os falantes da lingua do caso teñan os mesmos dereitos e deberes que os falantes doutras linguas. Daquela, a pregunta sería: teñen os pais galego falantes dereito a que os seus fillos reciban o ensino na súa lingua? Parece que a resposta é obvia, pero en Galicia as cousas nunca son tan sinxelas. E isto por dúas razóns: 1ª) pode que os profesores, ou polo menos algúns, se neguen a cumprir a lei en nome da liberdade (claro que entón habería que preguntar se existen liberdades fóra do estado de dereito, é dicir, fóra da lei); e 2ª) que os propios pais estivesen tan acostumados dende sempre a que non se lles respectasen os seus dereitos lingüísticos, que o visen como algo normal.

Sen embargo, en Galicia ocorre algo fantástico: o 90% dos seus cidadáns son quen de falar indistintamente dúas linguas. Non se trata de que escollesen libremente saber dúas linguas,

senón de que saben falar dúas linguas. A maioría da poboación, así pois, é bilingüe perfecta. Aínda que un deses cidadáns quixese esquecer o galego ou castelán, simplemente non podería (polo mesmo que ninguén pode esquecer andar en bicicleta ou nadar, asunto de conexións neuronais).

Vén de seu que nun país así é imposible non practicar dúas linguas: un galego falante necesita o castelán para entender aos que lle falan nesa lingua e viceversa. Ten sentido nesas condicións falar de "imposición lingüística"? Para un certo número de cidadáns galegos -unha obvia minoría- si que existe tal "imposición". Se se lles pregunta a razón, responden que porque os seus fillos teñen dereito a que non se lles ensine determinadas materias, a metade, en galego. Eles, na súa maioría bilingües perfectos, esixen o dereito a que os seus fillos sexan perfectos monolingües en castelán. É manifesta a insensatez dos seus desexos -mellor falar de insensatez antes que de xenofobia-, pola simple razón de que resulta imposible vivir en Galicia sen cruzarse, sen falan e sen entender a cidadáns que falen outra lingua. Daquela, existen dous tipos de cidadáns: os que xa hai tempo que asumiron a realidade lingüística e saben que vivir en Galicia é, irremediabilmente, vivir en dúas linguas; e os que lle esixen á realidade o que esta, en Galicia, non lles pode conceder: vivir nunha única lingua.

Calquera profesor de galego sabe que o galego dos seus alumnos está inzado de castelanismos. Calquera profesor de castelán sabe que o castelán dos seus alumnos está inzado de galeguismos. A realidade sempre se impón aos nosos desexos. Cal é a única posibilidade de empregar en Galicia un castelán sen galeguismos? Coñecer ben o galego. Cal é a única posibilidade de empregar o galego sen castelanismos? Coñecer ben o castelán. Para saber isto abonda con lembrar o delirante castelán que falan persoas coma o ex alcalde da Coruña, Paco Vázquez. As esixencias pedagóxicas que impón a realidade bilingüe de Galicia deberían ser argumento suficiente para o abandono da insensatez maximalista que lle reclama á realidade o que esta non pode darlle: monolingüismo.

Por suposto, a esixencia dunha estrita igualdade de dereitos e deberes de todos ante a lei tería que resultar un argumento aínda máis forte nunha sociedade democrática, pero nestes últimos tempos quedou claro que o egoísmo maximalista da liberdade de escoller pretende vivir nun mundo paralelo, situado moi por riba da lei e da realidade. Non estraña que se sinta superior.

# DÍA DAS LETRAS GALEGAS

RAMÓN PIÑEIRO

(1915 - 1990).

Valdoviño

Ferrol



## Vida:

Ramón Piñeiro no concello de Luncara (Lugo) en maio de 1915. fillo de familia labrega. Con nove anos marcha a Lugo a estudar o bacharelato elemental. Con quince empeza a traballar nun comercio en Sarria, onde descobre o galeguismo nos artigos que Otero Pedrayo publicaba no xornal *El Pueblo Gallego*.

En 1931, logo da proclamación da 1ª República, asiste a un mitin de Lois Peña Novo, un dos fundadores das Irmandades da Fala, e afiliase ás Mocidades Galeguistas de Lugo. Coñece a Lois Pimentel e Anxel Fole. Na en 1936 é elixido secretario do comité provincial de Lugo do Partido Galeguista.

En xullo de 1936 parte do exército sublévase contra o réxime democrático da República apoiado pola Falanx e a xerarquía católica.

Ramón Piñeiro refúxíase na súa aldea e librase do fusilamento grazas á protección dun amigo falanxista. Para salvarse da represión ingresa no exército dos sublevados.

Acabada a Guerra Civil, cursa dous anos de Filosofía e Letras na universidade de Santiago e logo prosegue os seus estudos en Madrid. En 1943, participa na reconstrución clandestina do galeguismo. Viaxa a París para poñerse en relación co goberno republicano no exilio e, na súa regreso, detéñeno. É condenado a seis anos de prisión. Cumpre tres.

En 1950 participa na fundación da editorial Galaxia con X. Tula Couto e Fernández del Riego. Establécese definitivamente en Santiago. Polo seu piso da rúa Xelmírez, 15, pasarán os máis importantes escritores e intelectuais galeguistas. Colabora na fundación da revista *Grial* e publica ensaios de corte filosófico como *Sigilificando metafísico da saudade*, influenciado pola filosofía de Heidegger. Dá cursos como profesor invitado en universidades norteamericanas.

Partidario dun galeguismo que prima a cultura sobre a actividade política, rompe cos galeguistas do exilio e, máis tarde, marciábase das actividades do galeguismo esquerdista das novas xeracións de universitarios que crean nos anos sesenta a UPG e o PSG.

Morto do ditador Franco en 1975, chegará a ser deputado independente no Parlamento Galego nas listas do PSOE. En 1983 convértese no primeiro presidente do Consello da Cultura Galega. Publica *Filosofía da saudade* (1984), que recolle a súa obra ensaística máis importante. Morre en 1990.



## Bibliografía:

A linguaxe e as linguas, Galaxia, 1967. Olladas no futuro, Galaxia, 1974. Filosofía da saudade, Galaxia, 2001. Da miña acordanza. Memorias, Galaxia, 2002. Galicia, Galaxia, 2002.



## TEXTOS DE RAMÓN PIÑEIRO.

“O escolante, que era de Lugo, falaba en castelán, dentro e fóra da escola e falábao con todo o mundo. Non facía concesión. Falaba coa intransigente firmeza de quen cumpre un alto e sagrado deber. Pero a utilización rixida dunha lingua distinta da nosa, dunha lingua que excluía a nosa, dáballe unha autoridade estraña, unha autoridade que non era natural, unha autoridade que tiña un significado negativo, xa que en lugar de establecer a superioridade persoal do mestre, trataba de establecer a nosa inferioridade colectiva. E non só a nosa inferioridade en canto escolares, senón a inferioridade nosa en canto galego falantes. Mais esa inferioridade englobaba tamén aos nosos pais, aos nosos irmáns e familiares, aos nosos veciños, a todo o que era o noso propio mundo”

(De Da miña acordanza. Memorias).



## DÍA DAS LETRAS GALEGAS

“A prohibición de publicarse revistas ou xornais culturais ou informativos nas linguas catalá, galega e vasca. Non hai ningunha lei que o prohiba por escrito, mais o organismo estatal correspondente -neste intre a Dirección Xeral de Prensa- non os autoriza, e a súa denegación é inapelable.

“En data recente, o poeta catalán Carles Riba xestionou do ministro de Información e Turismo, señor Arias Salgado, autorización para publicar unha revista cultural en catalán. Apoiaba o pedimento unha xerarquía do estado, o director xeral de Ensinanza Universitaria. O ministro declarou que el non tiña “facultades” para autorizar a publicación dunha revista cultural escrita en catalán e que “tan só podía prometer que trasladaría o pedimento ao consello de ministros”, sen que ata a data de hoxe obtivese resultado ningún na dita xestión.

“Á prohibición de publicar revistas ou xornais en lingua galega ou catalá, engadiuse a de publicar artigos ou noticias nas ditas linguas. Os xornais de Galicia, aínda que escritos en castelán, publicaban ás veces colaboracións en galego. O actual director xeral da Prensa de Galicia enviou unha circular a todos os directores dos xornais de Galicia, prohibíndolles terminantemente o uso da lingua galega. O mesmo, fixo, naturalmente cos xornais catalás”

(De Denuncia ante a UNESCO da persecución do idioma galego polo Estado Español, 1954).

“O prexuízo sociolóxico. Este prexuízo nace das vicisitudes históricas do idioma. O feito de que durante séculos o galego fose arredado de toda vixencia oficial e reducido á condición de lingua oral popular tiña que producir -e produciu, claro está- unha profunda discriminación. As minorías donas do poder político, do poder económico e do prestixio cultural -da autoridade social, en suma- utilizaban a lingua oficial como arma de distinción, como signo de superioridade. Paralelamente, a gran comunidade popular, ausente de todas as formas de Poder e de todas elas vítima, quedaba sometida á experiencia contraria, ou sexa, á da inferioridade idiomática. Todos sabemos, por exemplo, que na Rusia anterior á gran revolución do ano 1917 a nobreza adoitaba falar entre si en francés. Coa diferenciación idiomática, os grupos dominantes tratan de alongar a súa prepotencia desde o terreo político, económico e social ata o terreo espiritual.

“Esta discriminación social por medio da diferenciación lingüística tivo como resultado o complexo colectivo de inferioridade que tan arraizado está na alma galega. Un complexo que se transmite de xeración en xeración e que, mesmo por iso, chegou a ser un trazo característico da nosa psicoloxía. Un complexo que nos grandes sectores da masa popular tomou a forma de resignada pasividade, e nas minorías, igualmente acomplezadas, tomou a forma de auto-desfiguración mimética, da renuncia á personalidade propia e asimilación imitativa da allea”

(De A lingua e as linguas. Discurso de ingreso na Real Academia Galega, 1967).

O Centro de Estudos sobre Migracións e Racismo realizou a súa máis recente enquisa a escolares españois de entre 13 e 19 anos. As preguntas eran do tipo de a quen botaría de España ou que tipo de inmigrantes che molestaría ter na aula. Os datos non debzan de ser sorprendentes. A xenofobia é a dura realidade das aulas.

A primeira pescuda deste tipo realizouse en 1986, con porcentaxes moi baixas tanto de inmigración coma de racismo. Ambas variantes foron aumentando ate hoxe. Pode ser que ambas estean vencelladas, xa que é moi común que coa chegada dos inmigrantes xurdan opinións do tipo de que "veñen roubar postos de traballo". Carecen de todo fundamento xa que un país cómpre de inmigrantes para determinados traballos.

Noutros casos o aumento do racismo ou a xenofobia non ten que ver co aumento da inmigración. É o caso do que pasou coincidindo cos feitos do 11-S e 11-M. Por culpa do terrorismo islámico aumentaron de xeito considerable os índices de rexentamento de mouros e árabes; tanto é así que as enquisas de 2002 e 2004 non foron publicadas e creouse un novo concepto: a islamofobia.

Outro tipo de racismo é o que se dirixe cara aos xitanos, que non ten que ver coa inmigración xa que levan séculos neste país, dende sempre segregados e afastados da sociedade. Eran os máis rexeitados ata ser substituídos polos musulmáns.

Haberá que facer algo porque os rapaces de hoxe serán os adultos do futuro, e o seu racismo acabará aparecendo na sociedade. Deberíase empezar por inculcar máis valores morais e solidarios e por facer desaparecer ese medo que xera a xenofobia da poboación.

Sandra Martínez Mariñocheaga



O racismo e a xenofobia sempre estiveron presentes na nosa sociedade (na escravitude, no antisemitismo dos nazis, na persecución dos musulmáns pola Inquisición, etc). Con todo, parece mentira que no s. XXI sigamos nas mesmas e que cada vez vaia a máis no canto de diminuír. Aínda por ribe, andamos presumindo de que somos unha sociedade moderna e tolerante, que non discrimina a ninguén nin pola cor da pel, nin pola súa cultura, nin polas súas tendencias relixiosas... A quen queremos enganar?

En Parte, esta situación vén propiciada polo xeito que teñen os medios de comunicación de enfocar as noticias relacionadas cos inmigrantes, coma se eles sempre fosen os "malos da película", coma se todos os españois fóssemos uns santitos... Así, moitas persoas relacionan automaticamente os inmigrantes con terrorismo, crimes, actos vandálicos, etc. Son os adultos e, sobre todo, os anciáns os que pensan desta maneira e os que logo lle inculcan tal pensamento aos seus fillos/as e aos seus nenos/as. Por iso cando se fan enquisas nas escolas, é normal que saian resultados tan elevados de racismo e xenofobia. Por moito que se lles pretenda ensinar nas escolas se, ao chegar a casa, os seus familiares pensan doutro xeito, non hai nada que facerlle.

Aínda estamos a tempo de cambiar, depende de nós; somos as novas xeracións as encargadas de facelo, de cambiar a situación e de inculcarlles mellores valores ás xeracións que veñen detrás.

Alba Montemulfo Muñiz



Segundo unha recente enquisa do Centro de Estudos sobre Migracións e Racismo (CEMIRA) realizada a rapaces españois de entre 13 e 19 anos, revelan que a islamofobia mantense con respecto do ano do 11-S. O 23% afirma que lle amolaría ter a un marroquino como compañeiro de aula.

En 2002, un 32% dos rapaces respondeu que botaría de España os xitanos (fronte a un 48% que botaría os marroquinos). En 2004 responderon que os expulsarían o 29% e en 2008, o 27%.

No informe sobre o racismo nas escolas observamos que, en efecto, existe un elevado racismo entre os alumnos das escolas españolas. As causas, segundo creo, son múltiples. Un pode decatarse disto se consegue resistir - polo menos durante dez minutos ao serán- ver na televisión calquera dos programas que se emiten a esas horas e en que as noticias trxicas con xitanos, latinos, asiáticos e, en xeral, inmigrantes como protagonistas abundan tanto que ao final un chega case a creerse as incongruencias que contan. Malia que nos damos conta de que todo forma parte dunha escenificación e dramatización brutais, estou seguro de que a maioría dos espectadores cren todo.

Un claro exemplo son as persoas maiores como a miña avoa: sofre unha xenreira irracional cara aos negros. En canto albisca un, bota a correr se fai falla e aférrase ao bolso coma un famento a unha barra de pan. Cal é o motivo? Só vos digo que oíla a televisión todas as tardes; non moito tempo, pero si o suficiente como para ver tres ou catro noticias diarias de roubos, denuncias e pelexas que a levan a crer o que cre.

O peor non é que o problema sexa só das persoas maiores (algo que vexo en parte normal pois a educación que recibiron a maioría delas deixa moísimos que desexar), senón das xentes de mediana idade (pais, nais) que tragan o anzol igual cós seus proxenitores para logo inculcarlles as súas opinións aos seus fillos. O resultado son os vergoñentos datos que aparecen nas enquisas sobre racismo entre escolares.

Por suposto que esta non é a única causa da xenofobia reinante no estado español, pero si a máis importante. Cómpre empregar máis a cabeza e entender que, malia seren lixelramente diferentes no seu aspecto exterior, en definitiva todos somos homo sapiens e que, facendo honra ao noso nome científico, somos quen de razoar e damos conta de que na realidade as diferenzas son desprezables por non dicir inexistentes e que debemos respectar e tratar de igual maneira a todos, sexan mouros, xitanos, latinos, asiáticos, negros, xudeus ou brancos.



O racismo é un dos máis aborrecibles comportamentos humanos. Ver como só pola cor da pel ou a etnia dunha persoa é humillada e marxinalada demostra ate que punto chega o medo e a intolerancia de persoas que se cren superiores polo seu aspecto exterior.

Pensar que pola cor da túa pel xa es máis intelixente, estás máis capacitado para facer certos traballos ou tes máis dereitos só provén da ignorancia e produce a segregación.

Pero o racismo non medra por si mesmo, cultívase. É un problema que pode ser atallado dende a infancia para que non se reproduza nas novas xeracións, entre as que cada vez vai ser maior o número de persoas doutras razas por mor da emigración.

Non é imposible ver nas televisións nin no noso entorno casos de racismo. Aínda está moi presente na nosa sociedade, moitas veces sen dámonos conta. Todos oímos nos informativos falar de moitos casos de delincuencia relacionados con xente de fóra. Dáselles moita máis importancia que cando os implicados son persoas da nosa mesma etnia. Tamén se soe xeneralizar nestes casos, xa que a opinión pública acostuma aplicarlle a un determinado colectivo no seu conxunto frases como "son uns asasinos". Se Fulano Pérez Paio é un asasino, é un asasino; se Fulano Pérez Xitano é un asasino, todos os xitanos son asasinos.

O aumento do racismo contra determinadas etnicidades vai moi ligado á inmigración. É frecuente escoitar frases como "que veñen quítanos o traballo", cando en realidade o único que intentan é abandonar a pobreza extrema na que viven nos seus países, moitas veces arriscando a súa vida. Coidan que saíndo do seu país van levar unha vida mellor; pero cando chegan, comprobamos que viven na rúa ou explotados ou que simplemente son devoltos aos seus países de orixe.

Marta Janeiro

Xabier Rodríguez Martínez

Segundo a enquisa do CEMIRA está medrando de xeito "moi perigoso" unha "estigmatización, criminalización e satanización" dos inmigrantes sen papeis, o que responde ao discurso reinante nos medios e na rúa. "Estanse convertendo nos chibos expiatorios e son etiquetados comoapestados".

O rexeitamento aos hispanoamericanos é o máis medrou: dun 15% de adolescentes que os botaría de España en 2002, a un 24% en 2008.



## PREMIOS DA SEMANA DA CIENCIA

A NENA MEDICAMENTO de Sabela Estévez Moreira

Chámome Xoana, así me chaman os que mellor me cofiecen, pero houbo un tempo no que fun cofiecida como "a nena medicamento", sobre todo durante os meus primeiros meses de vida, cando eu aínda nin entendía o que iso quería dicir. Sei que saín nos xornais, saín nas revistas, na televisión e na radio, tanto de aquí como de fóra... realmente, pódese dicir que nacín coa fama baixo do brazo.

Mamá e papá falaban moito, falaban de min, da enfermidade da miña irmá, do meu cordón umbilical, e da felicidade dobre que eu supuxera nas súas vidas. Non o entendía ben, eu realmente sentíame como outra nena calquera, como os outros nenos do parque que, coma min, xogaban, caían, empezaban a falar, choraban e rían.

O mesmo día que aprendín no colexio a facer divisións, mamá veu buscarme ao colexio, como tantos outros días, pero esta vez ao chegar a casa non fixen os deberes, senón que sentamos todos no sofá do salón.

Papá empezou a falar, sentíame mal, no primeiro momento pensei que entendera mal..., que eu nacera para salvar a vida da miña irmá maior? Como? O que? Ou sexa, que papá e mamá non me querían en realidade senón para salvar a vida da miña irmá? Era a ela a quen en verdade querían? Como podía ser iso?


Mamá debeu de ler o meu pensamento e apurou en dicir que grazas a min, e tan só a min, Ana podería pasar máis tempo sen ir ao hospital, sen visitar os médicos e xogando comigo. "Ti es a mellor irmá do mundo que Ana podería ter", díxome.

A conversa quedou nlso e nada máis, case non se volveu falar do tempo en moito tempo. Pero non había día da miña vida en que eu non pensase na maxda que chegaran a facer os médicos comigo. Era extraordinario, quen fa imaxinar que eu puidese salvar a vida de nada máis e nada menos que unha irmá? Creo que desde aquel mesmo día quixen ser médico, investiguei moito pola miña conta, pasei moitas horas da miña vida descubrindo o que en realidade fixeran comigo. Nos artigos que falaban de min había opinións de todo tipo. Falábase dunha selección xenética, da presenza de células nal nos cordóns umbilicais e moitas cousas máis que non chegaba a entender.

Seica hoxe o entendo mellor. Son médico. E son consciente en primeira persoa do que resulta ser "un bebé medicamento". Hoxe en día segue a haber polémica ao igual que cando cheguei ao mundo.

Como di a miña nai, quéreme por min mesma e, ademais, porque de non terme de filla, non nos tería nin a unha nin a outra.

Son moitas as parellas que gardan o sangue do cordón umbilical para salvar os irmáns, isto dende logo foi un grandísimo avance, pois o que hal anos se coidaba un desfeito tras do parto, resulta que contén células nal capaces de rexenerar a médula ósea e é unha alternativa



terapéutica imprescindible na curación de moitas patoloxías. Nada de malo, realmente.

Sen embargo, moitos coidan a práctica da selección xenética como unha aberración, coidan que un neno é considerado un medio e non un fin, como debe ser considerado cada ser humano. Coidan a selección xenética como un acto egoísta, xa que leva á exclusión doutros seres humanos, posto que se descartan outros embrións para elibir o que está verdadeiramente san. Afirmar que hal que curar os enfermos, pero sen eliminar a ninguén. De egoísta non lle vexo eu nada, máis ben creo que o mellor que hal no mundo é ser quen de poder salvar a vida de alguén. Invito a todos os que pensan así a reflexionar durante un intre... E se tiveses un fillo enfermo? Non farías todo o que estivese nas túas mans para salvarlle a vida? Penso que si.

Moitos grupos rebeldos, xa cando nacín, chegaban a situacións extremas, afirmando que a selección xenética non é nin un éxito nin un progreso científico, senón que reduce a dignidade dunha persoa a un mero valor de utilidade. Din que, mediante esa selección, hal irmáns que foron privados do dereito de nacer, polo simple feito de non seren útiles. Para eles, esta forma de solucionar o problema non é viable, pero tampouco son quen de ofrecernos outra solución. Chegando a estes extremos, para min demasiado



## PREMIOS DA SEMANA DA CIENCIA

materialistas, podería darlles a razón; pero penso na miña vida e, máis aínda, na vida que del salvado e non, non estou en nada de acordo cos que aquilo pensan.

Iso si, non podemos caer na tentación de buscar coa selección xenética fins "estéticos"; é dicir, para elixir o sexo e os caracteres físicos do futuro bebé. Para isto debe de haber os máximos controis legais e ser empregado o procedemento de forma específica e excepcional despois dun proceso no cal se busque a posible compatibilidade con algún cordón umbilical e se valoren todas as opcións. Tamén hai expertos que aventuran para estes "nenos medicamentos" futuros problemas psicolóxicos, cousa que habería que controlar facendo un seguindo específico.

O debate sempre o haberá, pero o que está claro é que eu nacín e salvei a vida da miña irmá. No meu caso, era a selección xenética a única opción posible; e grazas a este novo descubrimento científico pódense curar enfermidades que hai anos resultaban mortais e incurables. As consecuencias non teñen por que ser desastrosas, sempre que se leve a cabo o control deste tipo de prácticas.

Estou verdadeiramente orgullosa de ser quen son, de nacer para e por quen nacín, de poder vivir unha vida ao lado da miña irmá e dos meus pais. Os demais, que pensen o que queiran, que me chamen "bebé medicamento" ou o que lles pete, pero eu seguirei loitando no meu traballo por un mundo que avance, que descubra vaciña contra a sida, curacións contra o cancro, axudando a vivir.



Parabéns para Sabela Estévez Moreira e María Melón Posada, gañadora e finalista do primeiro concurso de relatos relacionados coa Ciencia organizado pola Universidade de Vigo, autoras respectivamente de A nena medicamento e O embarazo da miña nai.

O domingo 16 de novembro, no Museo do Mar, entregáronse os premios ás gañadoras. O concurso contou cunha gran participación, máis de 160 relatos presentados, e consistía en crear un relato curto ou conto a partir dun aspecto científico puntual ou da observación dalgún fenómeno ou experimento sinxelo.


## O EMBARAZO DA MIÑA NAI de María Melón Posada.

Acabo de nacer e teño unha longa historia que contar, a historia da miña vida dentro da barrigulña da miña nai.

Non fun nada ata que o espermatozoide do meu pai e o óvulo da miña nai se uniron para formar unha soa célula; nese momento, empecei a vivir. De súpeto creouse ao redor de min unha bolsa onde estaba eu flotando nun líquido que amortecía os golpes. Da miña barriguiña saía un cordón polo que a miña nai me proporcionaba alimento e osíxeno para que crecese forte e sa.



## PREMIOS DA SEMANA DA CIENCIA



Os días pasaban, e eu ía medrando pouco a pouco. Miña nai falábame moito, cantábame e contábame contos, gustábame moito sentir a súa voz. Algunhas veces sentía outra voz diferente que supoñía que era a do meu pai. Arrimaba a súa boca contra a barriga da miña nai e díciame cousas bonitas.

Miña nai fol ao doutor ao pasaren sesenta días e díxolle que estaba medrando mol ben, pero que tía un problema que lle preocupaba un pouco; o cordón que saía da miña barriga estaba ao redor do pescozo e podía causar algúns problemas no momento do parto. A partir dese día miña nai andaba moi preocupada, cousa que eu notaba, e intentaba animala movéndome un pouco.

O embarazo transcorreu mol ben, miña nai ía engordando cada vez máis e máis. Ao quinto mes, fomos ao médico para saber se era neno ou nena. O doutor tombou a miña nai e botoulle unha crema mol fría na barriga que me facía tremer, despois empezou a andar cunha bóla pola barriga. Nese momento tapei o meu carné de identidade, e o doutor díxolle á miña nai que non podía ver nada. Entón miña nai empezou a chorar, pero eu notei que estaba contenta. Os días seguintes a miña nai non paraba de expoñerme nomes para que elidse entre eles, cando o nome non me gustaba eu dáballe patadiña, entre os nomes estaban: Lorena, María, Marta, Caletana, Irene, Sofía... Ao final decantámonos por Ana. Ese ía ser o meu nome. Ao sexto mes, segundo o doutor, podíanse diferenciar os rasgos da cara, o meu nariz, os meus ollos, a miña boca. Entón sempre procurei poñer un sorriso. A miña nai engordaba cada vez máis e facía moito exercicio,

cousa que non me gustaba nada. Cando xa estaba farta, empezáballe a dar patadiñas e ela paraba e comeza a falarme. Pasaron os meses e o día do parto chegaba aos poucos. A miña nai movíase cada vez menos, cousa que eu agradecía moito. Cando por fin, no último mes do longo embarazo, se me deu por saír, ou iso parecía, a miña nai púxose moi nerviosa. Non quero imaxinar como estaría o meu pai. Ela empezou a sentir unhas dores moi fortes. Daquela foron correndo ao hospital, pero alí decidín que aínda non era hora de saír, quería pasar máis tempo naquel lugar que foi o meu fogar durante nove meses. No hospital díxéronlle que era unha falsa alarma, pero o que en realidade pasou é que non quería saír, nada de falsa alarma.

Por fin chegou o día, nacíu o 16 de agosto, en pleno verán. Os meus pais chegaron ao hospital. Tombaron a miña nai que empezou a sentir outra vez as contrações; pero aínda non podía empuxar porque non estaba abondo dilatada para que eu puidese saír. Eu escoitaba como as enfermeiras lle falaban, dicíanlle que respirase. Cando por fin a miña nai empezou a empuxar, sentía eu como as paredes da barriga me tiraban cara a fóra. Cando asomaba a cabeza, empecei a afogar. Tíñan razón, o cordón ía causarme problemas. O doutor deuno desenrolado e sacoume. Cortaron o cordón, colléronme por unha pema e déronme no cu. Nese intre rompín a chorar e delme conta de que xa non dependería da miña nai senón que agora ía vivir por min mesma. Entón as enfermeiras laváronme e envolvéronme nunha toalla e puxéronme no colo da miña nai que empezou a chorar e que me dicía: "Meu cariño, xa estás aquí". O meu pai colleume e abrazoume. Estivemos no hospital dous días e despois fomos para a casa.

E velaquí estou, na miña hora da comida, no colo da miña nai, mamando do seu peito, co meu pai ao noso lado. E eu pensando sobre a vida que xa vivín e a vida que aínda me queda por cofecer. E aquí remata a miña historia. Resultaralles raro que unha nena acabada de nacer estea a contar unha historia, pero isto non deixa de ser un conto de ciencia-ficción.



# DROGAS E MOCIDADE

Os mozos saben perfectamente os riscos que conleva tomar drogas, pero cren que poden controlar o seu consumo e só temen ter un accidente ou que lles pase algo durante o consumo, antes que engancharse a ela.

Moitos opinan que un adulto que consome drogas é porque ten problemas, pero o que non saben e para nada lles interese coñecer é que ese adulto seguramente comezou a consumir drogas cando tiña a súa idade.


Todo o mundo cre cando comeza que só consome cando vai de festa as fins de semana e que cando queira pode deixar de consumir; pero logo, grazas ás drogas séntense ben, deshínsense, son máis sociables e non se propoñen deixalo xa que opinan que así son máis felices. Este é o problema, e pouco a pouco, sen darse de conta, están a engancharse e cada vez é máis difícil deixalo.

Só cando son adultos ou suficientemente responsables ou cando notan que xa non teñen diñeiro abondo para consumir e rúbannlle incluso aos amigos ou familiares para poder adquirilas e sentirse ben, é cando realmente comezan a advertir que xa non poden seguir así e teñen que deixalo.

O motivo de chegar a esta situación é moitas veces que a maioría deses mozos, cando comezan a consumir, non queren ser totalmente conscientes de todos os riscos e minimízanos. E isto é o que leva aos mozos a converterse cos anos nese adulto que coidan que ten problemas aínda que en ningún caso cren que poidan chegar á mesma situación.

Paula Basadre

A maioría dos mozos de entre 15 e 24 anos teñen máis medo a unha mala viaxe, á morte por sobredose ou a ter un accidente de tráfico polo consumo de drogas, cás doenzas ou adicións que, a longo prazo, poden xerar esas substancias. Coidan que nunca van sufrir este tipo de danos porque o seu consumo é "experimental".



As drogas son tóxicas e aditivas e o seu atractivo aumenta para persoas cada vez máis novas. No mundo en que vivimos estamos acostumados a ver nas noticias reportaxes de casos de mozos e mozas adolescentes relacionados coas drogas; eses mozos non se deteñen un minuto a pensar nas consecuencias e ate chegan a sentirse orgullosos de consumilas. Tal nivel de degradación da sociedade máis nova fai que a contemplemos negativamente; chegamos entón a conclusións erróneas, xa que a información que nos chega a través dos medios nos mostra uns extremos que, malia ser certos, representan unha ínfima parte da nosa sociedade.

Festexar, divertirse ou simplemente probalas son algunhas das excusas que poñen os mozos para xustificar o feito de tomar drogas ilegais. É moi doado atopar lugares onde se trafica con esas substancias e tamén conseguilas, polo que calquera pode acceder a elas sen control ningún. O caso do chamado botellón é un termo aínda máis común nas nosas vidas, xa que se escoita e se ve de venres a domingo, provocando numerosos estragos no mobiliario urbano.

O concepto de que as drogas son negativas e prexudiciais está claro, agora só hai que poñer en práctica a teoría.

Francisco M. Garrido



## DROGAS E MOCIDADE

Coido que cada vez se consomen máis drogas a pesar de que hai máis información e resulta máis accesible. Nos nosos tempos certo tipo de drogas están moi introducidas na sociedade e non se consideran tan perigosas coma outras, aínda que o sexan, como por exemplo o alcohol, o tabaco ou incluso a marihuana, pois están máis aceptadas cá heroína ou a cocaína, entre outras.

Hoxe en día é tan fácil conseguir drogas, como dispoñer de información sobre elas. A maioría das persoas que toman drogas soen ser adolescentes ou, polo menos, ese é o momento en que empezan a tomalas; e cada vez máis cedo a xente pensa que por tomalas un día non pasa nada. Pero devagar o consumo vai aumentando e, en vez de tomalas moi de vez en cando, fano cada fin de semana ou cando saen. Sen darse de conta, aumenta a cantidade de droga pois o corpo acostúmase e, para que os efectos sexan coma antes, necesita unha maior dose. Ao principio pensan que poden deixala cando queiran xa que non están enganchados e que son eles quen controlan as drogas; pero co tempo o consumo aumenta para conseguir as mesmas sensacións que producían antes con moita menos cantidade. A adición tamén aumenta e chega un momento no que esa persoa está tan enganchada que non se dá conta de que xa non as pode deixar. Daquela son as drogas as que controlan a esa persoa.

Hai drogas que son usadas con fins medicinais, e isto tamén prodúce que estean máis introducidas na sociedade; pero non deixan de ser drogas. Cando a xente decide tomalas é para, segundo ela, relaxarse ou ser máis sociable, entre outras razóns; porén, en vez de buscar outra opción máis sa e segura, rematan indo ao fácil e perigoso, as drogas.

Pilar Costas Benítez

Segundo unha enquisa realizada pola Fundación de Axuda para a Drogadición entre 1200 rapaces de entre 15 e 24 anos, estes consomen fundamentalmente para sentirse Integrados e non raros. Un 20% cre que as drogas teñen un risco "como todo o que paga a pena nesta vida". Un 13% asegura que non supoñen máis perigos ca calquera outro xeito de diversión.

O 41% dos rapaces coldan o risco algo propio da súa idade, algo que deben afrontar e cuxa superación é positiva. O 23% amósase basicamente de acordo en que a convivencia con riscos é algo necesario á súa idade, pero son partidarios da reflexión e a cautela. Só o 29% dos adolescentes españois está claramente en contra de asumir riscos e amósase prudente.

O 86% da mocidade cre que consumir cocaína habitualmente ten un gran risco, fronte a só o 66% dos que atribúen ese risco grave a non utilizar preservativo. Non obstante, tanto no primeiro caso coma no segundo unha porcentaxe deles -un 13% no caso da cocaína e un 37% no do preservativo- cre que compensa.

As drogas asociáronse ao longo do tempo con diferentes ideas que as fixeron máis atractivas. Simbolizaban o prohibido, o antixistema ou a liberdade. Nos últimos anos, que durante os que máis conciencia existe dos seus efectos e máis se sabe sobre elas, é cando máis se consomen.

Hoxe en día o problema non é a ignorancia, senón a indiferenza. Habitualmente os consumidores coñecen as repercusións que poden ter as drogas, mais aínda así non deixan de facelo. A cuestión é moi sinxela: paga a pena afrontar o risco de verse expostos ás súas consecuencias só por un efímero pracer? Sexa cal sexa a resposta correcta, a situación segue sendo a mesma.

Moitas veces identifícanse as drogas coa xente nova e os adolescentes. Na miña opinión as drogas son un problema que pode afectar a calquera persoa; pero o número excesivo de mozos que toman drogas é debido non tanto ás sensacións físicas que provocan, senón máis ás psicolóxicas. Sentirse maiores, maduros e independentes é o que queren os adolescentes e pensan que simplemente polo feito de que se lles prohiban aos menores e estean malvistas axuda a conseguilo. As consecuencias rematan sendo as mesmas. Un dos problemas máis graves que as drogas ocasionan é o risco de crear unha adición que obriga a seguir con elas ate un punto no que a saúde se resente irreparablemente. A drogas parecen un refuxio dos problemas da vida que levan a outro mundo, pero finalmente devolven a unha realidade máis crúa e con máis problemas dos que xa existían.

Paula Serra



# O ÉXITO



O éxito é un conxunto de factores que, en moitos casos, non ten que ver cun talento innato senón que, ás veces, inflúe poderosamente o azar. Porén, o éxito non se pode alcanzar sen unha boa preparación e unha actitude aberta e positiva.

Respecto ao azar, o lugar e o momento en que naces non é decisión túa e, aínda así, resulta un factor chave. A profesión dos pais é importante xa que che pode abrir portas. A educación inclúe tanto os valores transmitidos polos pais, coma a recibida na escola e o que esta pode ofrecer, porque non é o mesmo unha escola con moito presuposto para investir ca un colexio con poucos recursos económicos.

Varios investigadores apuntan que, para lograr o éxito, fai falla investir dez mil horas practicando. É case imposible investir tanto tempo en algo aínda coa axuda de alguén, pero se o consegués podes chegar moi lonxe.

Aínda que non só isto determina ao que chegarás na vida, senón tamén a túa actitude. Se es traballador, constante, optimista, con vontade de superación e estás motivado, podes conseguir todo canto te propoñas. O que está claro é que se se che presenta unha boa oportunidade, non debes dúbidas en collela.

**Antía Fernández**



Como podemos conseguir o éxito en aló que nos gusta? Que debemos facer? Pois moi fácil: practicando moito. Sobre dez mil horas. Si, son moitas, e é case imposible conseguir esa cifra se non dispós de moito tempo. Os Beatles e Bill Gates conseguírono; así é como nolo conta Malcolm no seu libro *Fóras de serie*.

O coñecido grupo musical, antes de ser famoso, tocaba en Hamburgo. Non cobraban moito, a acústica non era moi boa... E entón, por que tocaban alí? Pois pola cantidade de tempo de que dispoñían para tocar: oito horas cada día da semana. Cando tiveron o seu primeiro éxito, en 1964, xa tocaran en 1.200 ocasións, número que hoxe en día ningún grupo consegue acadar en toda a súa carreira.

O caso de Bill Gates é semellante. Na súa escola compraron unha terminal informática. Bill e outros compañeiros empezaron a investigar como funcionaba. Un grupo de programadores da Universidade de Washington formou un equipo chamado Computer Center Corporation (ce ao cubo), que prestaba horas de ordenador a empresas locais. Un dos fundadores tiña un fillo na escola de Gates e preguntoulles a Gates e aos seus compañeiros de ordenador se querían programación gratuita a cambio de probar os programas de software. Ce ao cubo quebrou, e Bill atopou outra empresa, que lle cedeu horas de ordenador a cambio de traballo nun software. Logo, Gates deixou a universidade e probou sorte fundando a súa propia empresa, Windows, despois de programar sete anos arreo.

Así chegamos á conclusión de que temos que esforzarnos moito para sermos un expertos niso que nos gusta, temos que loitar para conseguilo e, sobre todo, temos que repartir ben o tempo para sacar de onde sexa esas dez mil horas.

**René Miní Lázara**

## PREMIOS LITERARIOS DO "DÍA DAS LETRAS GALEGAS"



## SEGUNDO PREMIO DE CONTO

Esos segundos foron os máis sinalados da miña vida. Recoñezo que non me deu tempo a nada, non era consciente do que me estaba a pasar. Cria que aquela tarde ía ser unha pélima tarde no dentista, pero non foi así: resultou unha tarde moi inxusta e cruel. Ás catro e media daquela día 11 de marzo dispúñame a saír da casa cara ao odontólogo co meu irmán de tres anos e coa miña nai. Ela colleu o coche mentres rifaba connosco. Eu odiaba que me betase a min sempre as culpas de todo o que pasaba, sempre tiña que pagala comigo.

A miña nai sempre estaba triste desde que o meu pai morrera dun infarto había dous anos. Aterrorizábame ir ao dentista só de pensar neses aparellos que percorrían a miña boca dun lado para outro coma se non se deseen conta de que tan só tiña eu sete anos e que a súa compañía non me agradaba o máis mínimo. Recordo como lla dicía a mamá que non debiamos ir alí, pero ela negábase mentres dicía que só era polo meu ben. Chegada a hora da saída, collemos a estrada; eu unicamente pensaba naquel médico.

O meu irmán durmía, e a miña nai preguntábame que tal me fora o día na escola. Eu estaba no meu mundo de moas, dentes, máquinas..., cando a miña nai me dixu que subise a xanela porque se non o neno espertaría. Dispúñame a subila cando vin algo que corría ferozmente detrás de nós. Que era iso que viña alí? Agora penso que fun un estúpido por non me fixar ben; ao crer que aquilo era unha especie de superheroe que me salvaría dausta tarde, non lle dixen nada a mamá. Tampouco me deu tempo.

Es algo que agora tiña máis cerca era un COCHE!

MAMÁ!, exclamei. E pasou.

Acórdome perfectamente de todo o que paso, non quixen esquecerlo.

Aínda paso ás veces por aquel semáforo onde a miña familia perdeu a vida.

Foi un horror. O coche non respectara o antigo semáforo e aínda viña a toda préesa.

O que me aconteceu foi coma se non fose real. Non me cría que eu estivese alí naquel momento e que me afectase o que estaba a pasar.

Todo foi moi rápido. Un home alto, grande e de bo parecer salvoume a vida afastándome do coche da miña nai. Eu non podía deixar de ver como mamá e o meu irmán se queimaban dentro. Só podía chorar, chorar e chorar.

Non sabía que facer. Había moita xente. Algúns observaban, outros axudaban, pero sen dúbida tampouco podía deixar de mirar o home que causara o accidente. Fun xunta del, chorando, caísnome ás bágoas polas metelas e parecíame que o mundo rematara para min. O home resultara ileso, pero deille patadas e intentei tiralo ao chan. El estaba asustado e facía por frearme, pero eu non sabía o que ía pasarme. Estaba moi asustado. Foi aí cando apareceu a policía acompañando aos meus avós. Eles, tamén chorando, abrazáronme ben forte, igual que eu a eles. Non lles podía explicar todo o que pasara, non quería falar, só quería que mamá e o meu irmán estivesen ben, pero iso xa sabía que era imposible. As súas

vidas remataran cando aquel home pisou o acelerador sen ter en conta os demais.

Os meus avós foron como os meus pais cando estes morreron.

Ao comezo foi duro, xa que eu estaba impactado polo que ocorrera.

Deillos problemas aos meus avós, tiña dificultades na escola xa que non quería estudar e, ademais, paselno mal porque quedei sen unha perna por culpa do accidente. Discutía moi a miúdo con eles. Non entendía que o facían todo por min, que me querían demasiado.

E eu tamén os quería a eles, pero non o demostraba.

Co tempo entendino e púxenme as pilas no colexio e fun moito máis cariñoso e agradecido na casa.

Consegui con moito esforzo ser o que son hoxe, médico.

Estou casado e teño dous fillos. Logrei saír adiante e son moi feliz.


Encántame estar con todos eles, síntome moi ben. Ás veces recordo todo aquilo, pero non me entristezo.

Sempre lles recordo aos meus fillos que hai que ter moita precaución ao volante porque, se non, sempre poden ocorrer accidentes graves como o que me aconteceu a min, aínda que a culpa non fose nosa.

Pero a vida é moi curta para estar sempre amargado, e aprendín que hai que poñerlle un bo sorriso á vida, aínda que che pasen as cousas máis horribles.

Rosa Poveda.





### PRIMEIRO PREMIO DE OPINIÓN

Quizais o asunto de maior actualidade sexa o conflito entre diversos sectores da sociedade polo chamado Plan Bolofía ou a arquicoñecida reforma universitaria.

Neste último ano convocáronse unha infinidade de folgas en contra deste plan; manifestacións, protestas que apareceron nos medios de comunicación, etc. Pero dende o meu punto de vista, unha parte moi importante dos estudantes que van á folga non saber por que se manifestan ou só están en contra polos comentarios sobre a privatización do ensino, sen preocuparse por coñecer que vantaxes nos pode ofrecer a devandita reforma.

O Plan Bolofía propón unha modernización e un cambio no sistema do ensino universitario, reforma que, co obxectivo de crear unha sociedade do coñecemento, se manifesta de tres xeitos.

1.- As adaptacións curriculares existen a instauración dun sistema de titulación facilmente adaptable a toda Europa. Do mesmo xeito, busca a mobilidade entre universidades dos estudantes, profesores e investigadores, ao mesmo tempo que fomenta a aprendizaxe. Así as principais adaptacións serán a un sistema de titulacións e ciclos, xunto co emprego dunha valor do crédito universitario igual para todos os países da UE aínda que isto non queira dicir que as novas titulacións sexan as mesmas para todos os países, xa que poden ter distinto número de cursos e cada país e as facultades ou centros deben ter toda a liberdade para crear o plan de estudos segundo o seu entorno socio-industrial.

A forma en que se vai levar a cabo esta reforma é:

- Creación dun Sistema Europeo de Transferencia de Créditos no que non só se contarán as horas de aulas teóricas, senón tamén o traballo que debe realizar cada alumno.

- Creación dun Sistema de Titulacións de 2 ciclos. As titulacións consistirán nun primeiro ciclo de 3-4 anos (Grao) e un segundo ciclo de 1-2 anos para a especialización (Master) e, polo tanto, a diferenza entre diplomaturas e licenciaturas xa non existirá.

- Creación de métodos de avaliación mediante o seguimento do traballo do alumno con avaliacións continuas, traballos en grupos, etc.

Esta reforma é para min moi positiva. Vivimos nun mundo no que o futuro non consiste en quedarse nun mesmo país, se non que o traballo está nas relacións noutros países. Ata hai ben pouco os nosos títulos non valían o mesmo ca un títulos francés ou inglés, o que me parecía moi inxusto xa que estudamos tanto coma eles e cústanos o mesmo conseguilos. Con esta reforma rompemos esa barreira e podemos traballar en calquera parte de Europa sen que nos miren por riba do ombreiro polo feito de sermos estudantes españois.

2.- Unha segunda reforma afecta á financiación, que consiste na diversificación dos fondos mediante taxas aos alumnos ou participación de empresas privadas. Deste xeito se reduce a porcentaxe de financiación pública das universidades respecto ao total. Preténdese que sexan as propias universidades e non o Estado as que se encarguen cada vez máis da súa propia financiación.

Deu en falarse de préstamos que nun futuro se deberán de devolver por parte do Estado para pagar os distintos másteres, e isto suscitou gran descontentamento. Os estudantes din que é ilóxico que lle devolvamos ese diñeiro que o Estado inviste en nós, pero para min é bastante lóxico. As universidades públicas mantéñense co diñeiro dos impostos, así que aínda que nos devolveramos ese diñeiro estaríamos a pagar os estudos doutros persoas. Neste país confundimos o termo público co termo gratuidade e a educación dende logo non é gratis; que non a paguemos directamente é outra cousa.


Por esta razón resulta para min lóxico que lle devolvamos ao Estado unha parte dese diñeiro que inviste en nós, á parte de devolverlle o favor á sociedade que aposta por nós, os xoves, para fornecerlle profesionais ben formados nun futuro. Non está de máis que nestes tempos difíciles axudemos economicamente devolvéndolle o que nos prestou.

3.- A última reforma céntrase na tecnoloxía; é dicir, no emprego das novas tecnoloxías como apoio no ensino; algo que aquí, en España, país bastante tradicional, está a resultar difícil.

O Plan Bolofía pode ser moi vantaxoso se se aplica ben ao igual que un desastre se non é así. Hai unha gran variedade de opinións, tanto negativas coma positivas. No caso dos profesores, algúns están en contra porque este plan lles esixe un traballo e un esforzo que a moitos non lles agrada xa que están moi cómodos non facendo nada ou porque cren que non nos convén. Hai estudantes ben informados aos que non os acaba de convencer e outros que se deixan levar polas opinións e comentarios doutros. Considero que non se nos está dando toda a información que se debería e que están máis interesados en dar conta dos enfrontamentos entre policía e estudantes que en explicar por que ocorren e por que estas persoas teñen tales opinións.

Para min é positivo. Agora tócache decidir a ti.

Natalia Ramos.



## SEGUNDO PREMIO DE OPINI3N: A EUTANASIA.

A eutanasia é un acto que provoca a morte instantánea dun enfermo cunha doenza terminal e cuxa responsabilidade recae nos médicos e/ou persoas cercanas.

Hoxe en día é un asunto discutido que provoca moitos debates. Sobre o asunto hai puntos de vista distintos. Este debate volveu reabrirse con casos como o dun italiano de 60 anos, Welby, que sofre disfrofia muscular e está postrado en cama. Outro caso foi o da española Inmaculada Echevarría, que permaneceu en cama durante moitos anos movendo só os dedos dos pés e nas mans. Esta muller pediu a eutanasia con estas palabras textuais: "Unha inxección para que se me pare o corazón e morra en paz". E así moitos outros casos.

Coido que cando alguén pide a eutanasia é porque non pode aturar máis a súa situación. Esa persoa chega a un punto en que non aguante ese sufrimento. Non creo que sexa este un acto de covardía nin moito menos, xa que chegar a este extremo conleva todo o contrario.

Por estes motivos, pófome a favor da xente que padece enfermidades terminais sen solución ou sen mellora posible e que non quere seguir vivindo, algo máis inaturable que a morte. Esa sensación que deben de sentir, coma se o mundo pasase por eles, sen que eles pasen polo mundo debe ser algo difícil de soportar.

O maior problema xorde cando se fala do concepto de dignidade humana. Segundo os defensores da eutanasia, este termo consistiría na liberdade do enfermo para decidir o momento da súa propia morte. Pero dende posicións relixiosas, a dignidade humana obriga a opoñerse á eutanasia, xa que sería un acto contra a arbitrariedade humana por un problema moral.

Outro problema é o da persoa que aplica a eutanasia. Non considero que o médico que, supoñamos, desconecte unha máquina por petición do enfermo poida ser considerado un asasino, xa que el non o fai pola súa propia iniciativa, senón por petición do enfermo terminal. Non entendo como hai xente que pode considerar este médico coma un asasino.

Só a persoa que sofre algo así sabe o que realmente significa a eutanasia na súa situación. Opinar dende fóra é moi sinxelo.

Tamara Sanz Falque



2º Bacharelato A Curso 08-09



2º Bacharelato B Curso 08-09






2º Bacharelato C Curso 08-09



2º Bacharelato D Curso 08-09



## O TEATRO DO INSTITUTO



**Entrevista con XIADA, a directora de AULATALÍA, o noso grupo teatral.**

**Pregunta:** Como foron os ensaios este curso?

**Resposta:** Este ano dedicamos o primeiro mes aos xogos dramáticos, aos exercicios para mellorar a expresión corporal, a vocal, a imaxinación, a memoria... No segundo, comezamos a introducirmos na montaxe das obras, pero intercalando as dúas cousas, unha hora de cada. En decembro centrámonos nas montaxes.

**P: Enténdeste mellor co grupo?**

**R:** Coñezo mellor as veteranas. Sei cales son os seus puntos fortes e débiles, e así é máis doado escoller o papel que farán. Cos novos tardas un pouquiño máis. Todos son moi diferentes e precisan dunha atención e unha paciencia diferentes.

**P: Consolidouse o grupo?**

**R:** Creo que si aínda que este ano, debido a que veu moitísima xente nova, a maioría de doce anos, decidín baixar un pouco o nivel de esixencia. Isto notarase no resultado das obras. Cun pouco máis de esforzo coído que podería chegar a ser unha compañía de teatro moi boa.

**P: De que van as obras deste ano?**

**R:** Por mor do número de alumnos, este ano tivemos que dividir o grupo en dous, así que estamos a montar dúas obras, ademais de seguir ensaiando o espectáculo do ano pasado, O soño dunha noite de verán. Coa montaxe vella sairemos fóra do instituto, pasaremos polo escenario do "Abertal" e posiblemente visitaremos unha residencia de anciáns de Tui.

As obras novas son de Goldoni, un dramaturgo italiano do XVIII. Unha delas, Arlequín servidor de dous patróns, achégase á commedia dell'arte. Hai moitísimo



enredo, moitos enganos, trasnadas, equivocacións e algo de amor. A outra outra, A pousadeira, ten de protagonista a unha muller de armas tomar, que sabe como enganar os homes para que fagan o que ela queira.

**P: Como distribúes os personaxes entre os actores?**

**R:** Mediante unha especie de casting. Poñemos unha data e a cada persoa asígnolle un ou dous personaxes. Deixo que eles elixan o personaxe que lles gusta máis para que o preparen. Intento dar os papeis en funcións dos puntos fortes de cadaquén; da capacidade para traballar, do interese e do tempo que lle dedican. Un actor ten que traballar o seu papel. No casting decidimos a quen lle vai mellor. Teño moi en conta os seus gustos. A ilusión e as ganas son moi importantes. Aínda que non sempre chove a gusto de todos...

**P: Como escolles as obras?**


**R:** O ano pasado fixen unha pequena pescuda entre os actores, pero non leran ningunha obra que lles gustase, e fun directa aos clásicos. Eu tiven que estudar a Cervantes, a Lorca e a moitos outros autores, pero nunca se facía referencia ao seu teatro. Durante o bacharelato nunca se nomeou a Shakespeare, Goldoni ou Chekhov. Por iso quero darlles aos actores a oportunidade de coñecer os clásicos. As obras de Goldoni, en particular, teñen moitos protagonistas e tratan asuntos que, trescentos anos despois, seguen de actualidade.

**P: Comedia ou drama?**

**R:** Para as idades coas que traballamos no instituto, síntome máis cómoda traballando coa comedia. Tería que tratarse dunha montaxe moi boa para manter a atención de cen adolescentes vendo un drama. Ocorre o mesmo cos actores: ven a cousa coma un xogo e, cando conseguen facer rir cos seus personaxes, para eles é un triunfo.



## O TEATRO DO INSTITUTO



**P:** Atrévete a falar dos compoñentes do grupo teatral?

**R:** Comezamos o curso con 19, pero dous (ambos, homes) botáronse atrás. O resto do grupo non o entendeu. Hai moita xente que pensa que facer teatro é subir a un escenario e facer o parvo, pero cando se decatan de que o teatro é esforzo, traballo e que cómpre aprender un guión, ir ensaiar todos os días... Agora só quedan tres rapaces, e para iso un deles é un invitado do IES Santa Irene. As novas incorporacións foron cinco, todas de primeira de ESO.

Vexo o grupo máis unido ca nunca. A maioría son amigos fóra dos ensaios. Algúns deles cofecéronse no grupo. Este ano non advirto divisións dentro do grupo. Nos ensaios todos xogan entre eles. Mesmo están unidos os actores das diferentes obras.

Por suposto que hai actrices que destacan, pero todos e cada un teñen algo especial. Das veteranas destacaría a enerxía e a facilidade para crear de Andrea e mais de Lúa, o inxenio e o ritmo interno de Lucía, a naturalidade de Paula e de Carme, o esforzo de Prado... Cos novos leveime unha gran sorpresa, especialmente con Juan e mais Iria. Estes dous actores teñen unha capacidade increíble para os seus doce anos. Gozan dunha memoria fantástica e son quen de manter o seu papel durante moito tempo. Teño entendido que tanto Luci coma Paula queren estudar arte dramática.



## NOVAS DA LINGUA



"O consello de Europa respalda as políticas lingüísticas de Galicia, Cataluña e País Vasco. Avoga por impulsar máis o uso dos idiomas minoritarios e defende un modelo de inmersión no ámbito da educación".

"O segundo Informe sobre a situación das linguas minoritarias en España elaborado polo Consello de Europa felicitá ao País Vasco, Cataluña e Galicia polas políticas adoptadas con miras a reactivar e normalizar as súas respectivas linguas no seu territorio. Os autores do documento sinalan, porén, que estes esforzos non foron todo o eficaces que se agardaba e avogan por seguir impulsando o uso dos idiomas rexionais nas zonas onde se falan.

"O informe, de 160 páxinas e feito público onte, foi elaborado por un grupo de expertos do Consello de Europa, organización que promove o desenvolvemento dos dereitos humanos, a democracia e a identidade europea. A comitiva visitou España o ano pasado coa fin de avaliar o cumprimento da Carta Europea das Linguas Rexionais e Minoritarias que entrou en vigor no noso país o 1 de agosto de 2001.

"Segundo lembran os autores do informe, a promoción das linguas rexionais ou minoritarias non recae exclusivamente nas respectivas comunidades, senón que tamén corresponde ás autoridades centrais. O Consello de Europa constata a existe dun desaxuste manifesto entre algúns compromisos subscritos por España e o nivel de protección asegurado.

"En opinión do Consello de Europa, o emprego das linguas cooficiais nos servizos públicos españois está en retroceso no conxunto das comunidades autónomas. O informe coída insuficientes as medidas tomadas polo Goberno de España para garantir que todo cidadán que o demande teña verdadeiramente a posibilidade de empregar a lingua cooficial durante un procedemento xudicial ou nas súas relacións coa Administración.

Por iso, aléntase ás autoridades españolas a incrementar considerablemente a porcentaxe de persoal falante das linguas rexionais nas dependencias competentes da Administración do Estado, así como a establecer programas de formación adecuados".

(EL MUNDO, 12-XII-2008)

Feijó apoia o acto que pide unha opción educativa só en castelán" (El País, 31 de xaneiro de 2009).

"O PP renega agora das teses de Galicia Bilingüe e o seu sistema educativo. "Non podo duplicar as aulas", excúsase o presidente electo na Cope" (El País, 6 de marzo de 2009).

"Feijó promete ser o primeiro defensor do idioma galego. O líder do PP, recibido ao berro "presidente" en Baiona" (El País, 14 de marzo de 2009).

"Fracasa a campaña para que a UE defenda a educación en castelán. O Parlamento Europeo apoia finalmente a inmersión lingüística á catalá.

"O debate español sobre a inmersión lingüística trasladouse onte ao Parlamento Europeo, que apoiou ese sistema de escolarización a través dunha resolución sen carácter vinculante. O Partido Popular levanta a discusión a Europa ao pedir á cámara que aprobase unha recomendación para que os pais poidan elixir a lingua en que deben ser educados os seus fillos nos países en que haxa un ou máis idiomas oficiais. Unha recomendación que non só foi rexeitada onte, senón que foi substituída por outra que di que é esencial salvagardar o multilingüismo nos países ou rexións en que coexistan dúas ou máis linguas oficiais".

(EL PAÍS, 25-III-2009).



"A Eurocámara rexeita que os pais elixan a lingua escolar".

"O Parlamento Europeo aprobou unha resolución que subliña a necesidade de prestarlle unha atención especial aos alumnos que non poden estudar na súa lingua materna. O texto adoptado non menciona a idea de que os pais teñen dereito a elixir a lingua na que queren educar aos seus fillos, tal e como defendía un informe aprobado previamente pola comisión de Cultura.

"Con todo, a resolución aprobada polos eurodeputados si destaca a necesidade fundamental de que nas escolas se preste unha atención e un apoio especiais aos alumnos que non poden recibir educación na súa lingua materna. Así mesmo afirma que é esencial salvagardar o multilingüismo nos países ou rexións nos que coexistan dúas ou máis linguas oficiais (parágrafos 11 e 15).

"Segundo os eurodiputados, é imprescindible que, nos Estados membros con máis dunha lingua oficial se garanta a plena intelxibilidade interlingüística, en especial para as persoas de idade avanzada e nos sectores da xustiza, a sanidade, a administración e o emprego (parágrafo 12).

"Por outra banda, o Parlamento Europeo reitera o seu compromiso permanente de promover a aprendizaxe de idiomas, o multilingüismo e a diversidade lingüística na Unión Europea, incluídas as linguas rexionais e minoritarias. Así mesmo, considera que o multilingüismo é fundamental para unha comunicación efectiva e constitúe un instrumento que facilita a comprensión entre as persoas e, xa que logo, a aceptación da diversidade e das minorías (parágrafo 26)".

A NOSA TERRA, 26-IV-2009)

## O QUE SE LEU SOBRE A LINGUA

"A incógnita e as opcións de Alberto Núñez Feijóo. Unha última e rápida referencia ao futuro inmediato. Alberto Núñez Feijóo emitiu un discurso sobre a lingua pensado para exercer a oposición, pero agora que val gobernar terá que proceder a unha severa reconsideración. Tomadas ao pé da letra, unha serie de cousas que prometeu en campaña frisan a ilegalidade ou son impracticables. Dando por feito que non vai modificar a Lei de Normalización Lingüística, terá que respectar uns límites moi claros que esta sinala: a) os cativos teñen recoñecido o dereito á primeira escolarización na súa lingua materna; b) o alumnado non pode ser separado en aulas nin centros diferentes por razóns de lingua; c) ao remataren os ciclos de ensino obrigatorio, os e as estudantes deben ter unha competencia equiparable nos dous idiomas oficiais. Dentro dese marco, existen varias opcións, e podería adoptar un modelo flexible. O que non debiera en ningún caso é tomar medidas que supoñan un paso atrás para o galego; por exemplo, esixir uns mínimos de horario en castelán".

(Henrique Monteagudo, El País, 27 de marzo de 2009).

"Nestes últimos meses tenme cadraado falar con diferentes persoas totalmente convencidas de que nos centros de ensino de Galicia, mesmo na Coruña, onde moramos, os rapaces só poden estudar en castelán, na clase de lingua e literatura castelá. E aínda máis. ¡Había centros que se converteran nunha especie de campos de concentración onde os rapaces só podían expresarse en castelán nos recreos e aínda así eran vixados! Quen me contaban iso eran persoas correntes. Preguntel se nos centros onde ían os seus fillos pasaba tal cousa. Responderon que non, por suposto. Preguntel entón o nome dalgún centro onde ese estado de "imposición" totalitaria, que mesmo levaba á persecución dos nenos no tempo de lecer. Os institutos públicos? Os Xesuítas? A Grande Obra? A Compañía de María? Talvez nos colexios do Opus se estaba a impoñer o galego e nós sen sabelo. Non. As respostas eran sempre as mesmas. Díñ que por aí... Na auténtica realidade, na realidade que estaba diante nosa, a gran maioría dos centros non acadaba os mínimos da cooficialidade bilingüe.

"O presunto estado de "imposición" fundonou e fundona coma unha lenda urbana. Todo o mundo preocupado por unha "imposición" inexistente, mentres que o que ocorre na realidade é un proceso cada vez máis acelerado que pode levar ao border line da extinción. O mundo do revés.

"Ben. Impúxose a mentira da "imposición". Hai que recoñecelo. O modelo de normalización por consenso foi derrotado. Foi derrotada a herdanza de Ramón Piñeiro e da moderación galegulista. Mentres prosegue a satanización do ex Goberno, co concurso entuslasta dos inevitables discípulos de Caín, cómpre lembrar que tanto a Consellería de Educación como a Secretaría de Política Lingüística tiñan por titulares persoas independentes nomeadas polo PSOE, co bo historial, máis que pousadas, máis que moderadas".

(Manuel Rivas, El País, 27 de marzo de 2009).

"Pero a nova dereita que está xurdindo en Galicia é, para entendérmolos, unha dereita pija, de colexio privado, cortada polo patrón do barrio de Salamanca. Dela limita o seu descaro, o seu radicalismo, as súas modas, tempos e obsesións. É unha derelita, porén, de escasa masa crítica. O lóxico é que ese conservadurismo ideolóxico, de xentes do Opus Del que obxectan contra Educación para a Cidadanía, de pais de profesións liberais aos que horroriza que os seus fillos sexan educados noutro idioma distinto do verdadeiro, de clases medias que queren ver confirmada a súa nova pertenza social ante o mundo do que proveñen, teñan que ir despedíndose da idea de que poden definir en exclusiva o sentido do que é Galicia e o que é España".

(Antón Baamonde, El País, 13 de febreiro de 2009).

"Dáme a impresión de que Galicia Bilingüe elixiu mal o seu nome porque, coa súa arcaica e primitiva teoría, persegue un obxectivo que pretende agachar, pero facilmente se percibe: romper o consenso lingüístico de este país que tanto traballo levou conseguir e logo impoñer un modelo para que os seus fillos non se contaminen co galego. No fondo pensan: eu non teño nada en contra do galego, pero para que vale? Aínda hai moitos prexuízos que superar neste querido país! Coido que deberán ser máis claros, non enganar a sociedade e chamarse Galicia Monolingüe en Castelán. O máis triste de todo é que o PP apoie este tipo de extremismos que non van a ningún lado. Agardemos que despois de que finalice a campaña veña o sentido común.

(Celestino Pérez Recarey, presidente do Fórum Europeo de Administradores de Educación de Galicia. El País, 18 de febreiro de 2009).



# CLUB DE LECTURA

O club de lectura do IES Álvaro Cunqueiro denominámolo Merlín, o mesmo nome que tamén recibe o blog do que dispoñemos no instituto: [www.merlin.blogaliza.org](http://www.merlin.blogaliza.org).

Trátase dun nome que nos remite ao mundo máxico dos libros. Somos do "Álvaro Cunqueiro" e a nosa Miranda, a terra na que se estableceu Merlín coa raíña Xenebra, sitúase na biblioteca, nos libros, na lectura.

Dispoñemos de dous clubs de lectura, un deles pensado para os alumnos que funciona en horario lectivo; e outro para toda a comunidade escolar, que se reúne os últimos luns de cada mes, ás 19,30.


As propostas de libros van sempre acompañadas dunha breve explicación do porqué da elección, de pautas de lectura e dalgunhas suxestións que invitan á reflexión e ao debate durante as reunións.

Das actividades realizadas demos xa conta na memoria que lles foi remitida aos lectores no seu momento e que tamén presentamos na I Xornada de Clubs de Lectura celebrada en Compostela o 25 de xuño.

Este é o terceiro curso que funcionan estes clubs, con resultados máis que satisfactorios.

O grupo da biblioteca está formado polos mesmos profesores do curso anterior. As encargadas de dirixir o club de lectura son: Carme de la Torre (coordinadora da biblioteca) e mais Dolores Casasnovas, dos departamentos de lingua galega e castelá respectivamente.

O club de lectura do alumnado é maioritario, e o profesorado aparece moi implicado no proxecto. Dende o Grupo da Biblioteca propoñemos as lecturas acompañadas de guías e propostas doutras actividades como:



## CLUB LECTOR MERLÍN



*Se te animas a participar nesta actividade,  
iven e verás!*

*Teremos unha primeira reunión  
no salón de actos do IES Álvaro Cunqueiro  
o luns 27 de outubro, ás 18:30 horas.*

- proxección de películas que coinciden na súa temática cos libros suxeridos,
- encontros con escritores,
- recitais poéticos,
- visitas a espazos que se relacionan directamente coas lecturas: ruta rosaliana, ruta da Esmorga, visita aos muíños do Polón, á illa de San Simón...

Para difundir as actividades relacionadas cos clubs dispoñemos de taboleiros informativos e mais dun blog.



## ACTIVIDADES DO DEPARTAMENTO DE LINGUA CASTELÁ.

### VISITA A FARO DE VIGO

El viernes 13 de Febrero se realizó una visita con 70 alumnos de 1º de Bachillerato al Faro de Vigo, acompañados de las profesoras Mariné Linares y Cristina Pedrosa. Se hizo un minucioso recorrido por las instalaciones y atendieron con un excelente comportamiento, que les valió la felicitación del guía, a las explicaciones acerca del proceso de elaboración de un periódico



## TEATRO

### "YO QUIERO SER CÓMICO" (M. J. LARRA)

4º DE ESO. 6 de FEBRERO 2009



Los alumnos de 4º de ESO acompañados por las profesoras de Lengua Castellana, L. Casanovas y C. Pedrosa asistieron a la representación teatral "Quiero ser cómico", basada en artículos de la obra de Larra.

## RECITAL POÉTICO-MUSICAL

(Lorca. Neruda. A. Machado, Benedetti, Bécquer, N. Guillén, Quevedo...)



**5 de Nov. a las 12:30 en el Salón de actos del IES. Álvaro Cunqueiro  
(1º y 2º de Bachillerato)**

Departamento de Lengua y Literatura Españolas (08-09)

## E-TRAD. NO IES "ÁLVARO CUNQUEIRO"

O pasado martes día 17 de febreiro tivo lugar no noso instituto un evento do que moi pouca xente é consciente do seu carácter histórico. Oito mestres da Escola de Música Tradicional de Vigo (E-Trad.) fixeron soar os seus instrumentos en exclusiva para os alumnos do "Álvaro Cunqueiro", un dos centros de ensino de Vigo que escolleron para promocionar esta entidade de cara ao curso que vén.

Dende este curso, a E-TRAD. Independízase da Escola de Artes e Oficios de Vigo, aínda que vai seguir ubicándose no mesmo edificio da rúa García Barbón.

O profesorado da E-TRAD. Son xente de primeira liña no mundo da música tradicional galega. Durante a súa actuación demostráronnos a súa mestría coa percusión, a gaita, o violín, a harpa, a zanfona ou o acordeón diatónico.

O director e mestre de harpa é nada menos que Rodrigo Romaní, fundador de Milladoiro, agrupación da que formou parte durante vinte anos antes de decidir editar en solitario. O profesor de zanfona é un dos actuais compoñentes e alma mater do grupo Berrogüetto e, aínda por riba e para a nosa honra, ex alumno deste instituto. Tamén estiveron presentes na actuación Xaquín Xesteira, profesor de gaita e membro do grupo Treixadura; Francisco Estévez, Chuco, mestre de percusión e coñecido colaborador e compoñente de grupos como Chouteira. Xosé Liz é o mestre de corda pulsada (xunto a Anxo Pintos e Rodrigo Romaní forman o grupo Lizgairo). O de violín, Alfonso Franco, Chisco, tamén na voz e no acordeón diatónico... En resumo, un luxo para os sentidos. Todos eles encargáronse de ir ofrecendo devagar pezas tradicionais cuns orixinais arranxos preparados para a ocasión.

Antes da actuación, ofrecéronnos un breve documental en vídeo sobre a E-TRAD. no que explicaron as materias e a historia da institución. Logo seguiron as interpretacións diversas para, finalmente, unírmonos todos tocando e bailando no centro do escenario, tamén alumnos dos primeiros cursos da ESO e profesores.

Foi, pois, un día memorable no que quedou claro que temos o privilexio de dispoñer ben a man dunha institución educativa que mima a nosa cultura tradicional e, aínda por riba, de xeito absolutamente gratuíto! Algúns alumnos xa preguntaban cando poderían empezar a estudar na E-TRAD.

O máis recomendable é entrar na súa páxina e estar atentos antes do mes de setembro para preinscribirse correctamente.

Dende o instituto trataremos de informar como é debido para que aqueles que o desexen poidan iniciarse no mundo da música tradicional, ben sexa coma lecer, por interese cultural ou mesmo contemplando no futuro a posibilidade da profesionalización.

Xaime, profesor de música.





## GUÍA E INSTRUCCIÓN DE USO DE VIDEOXOGOS



Nunca xogo con videoxogos de ningún tipo porque simplemente non me divirten. Hai moito tempo regaláranome a Play 1, e apenas a usei durante dúas semanas. Non está mal xogar con videoxogos, pero non me enganchan coma a outra xente e abúrrome axiña.

Aproveito o tempo que non lle dedico aos videoxogos para facer moitas outras cousas sen aburrirme nin un minuto. Gústame escoitar música dos meus grupos favoritos e doutros descoñecidos recomendados polos meus amigos. Outras veces pñoome a debuxar (mentres escoito música) ou intento escribir cancións en inglés mentres as vou escoitando no mp3. Tamén o teño intentado con música francesa, especialmente o rap francés, aínda que non o consigo.

Paso tempo diante do ordenador, co messenger, visitando páxinas, editando fotos ou buscando música que logo paso ao móbil ou ao mp3.

O que non fago moito é ver a tele pois non teño canles de pago, aínda que neste caso si que me podería enganchar. Só dispoño das canles normais e case nunca me gusta a programación. Só me interesan as películas pois gústame ao cine e frecuento o videoclub.

Tamén o paso ben coa lectura, aínda que sexan libros de moitas páxinas, non hai problema se me pillan e acáboos axiña. Un dos meus escritores favoritos é Carlos Ruiz Zafón. As obras de intriga coma as súas son as que máis me gustan. Entre as miñas lectura inclúense libros adaptados en inglés; os do instituto nunca os rematamos. En resumidas contas que, aínda que a moita xente lle pareza difícil, pódese vivir sen videoxogos e dese xeito dispós de tempo para facer miles de cousas.

Sara Rodríguez Alonso

Ao contrario que moita xente, xamais precisei nin me interesei polos videoxogos. Unha das razóns é quizais que nunca tiver ningunha consola xa que á miña nai non lle gustan. De pequena, o tempo que os meus compañeiros investían en estar diante dunha pantalla dedicáballe eu a ler, debuxar, xogar... Agora, cando penso niso, alégrome moitísimo de que a miña nai non me permitise ter un deses aparellos.

Alégrome porque me parecen ridículos. Os videoxogos róubanche un tempo en que poderías facer mil cousas; unha delas, pensar. Non pensarsobre o seguinte movemento do teu personaxe virtual, senón pensar de veras, facer que a mente traballe, facer que esperte.

Os videoxogos son coma a televisión, aparvantes. Fan que perdas o fío de unión coa realidade, distorsionádoa. É outro tipo de opio que se nos vende para que non reflexionemos nin sexamos críticos. Adormentan o pensamento, destrúen a imaxinación e, ás veces, ata conseguen que perdas a relación coa túa familia e amigos. Non son máis que outro xeito de manternos controlados e contentos poñendo como imprescindibles cousas que nos rouban a vida.

En xeral, os que se dedican aos videoxogos son xente que pasa de todo, que non se preocupa polo que sucede ao seu redor, animais domesticados e pasivos. Persoas sen capacidade para gozar das pequenas cousas: o olor da laranxa, o voo dun paxaro, a alrexa fresca, o bater da choiva... Con todo isto non quero dicir que todos os que xogan cos videoxogos sexan así, nin que só eles sexan

así. Desgraciadamente, nesta época, a sociedade está adormentada.

Quen fala de videoxogos, fala de televisión, fútbol... e mil cousas máis que se resumen coa frase de panem et circenses: o pobo, a sociedade, a xente cómpre telos contentos e, para conseguilo, hai que facer que esquezan a realidade.

O efecto dos videoxogos sobre as persoas, aínda que non nos decatemos, é nocivo... ou seica ningún rapaz disparou aos seus compañeiros por culpa dun videoxogo? Non se trata de un rapaz así teña un problema mental de seu, senón de que a ese rapaz se lle causou un problema. Deixou de pensar ate o punto de non saber diferenciar xa a realidade da ficción.

Por todo o anterior é polo que me opoño a perder o meu tempo libre e prefiro ler, escoitar música, saír cos amigos, escribir, ver todo tipo de películas... é dicir, a gozar da vida e non a perdela xogando con cousas irrealis... a non ser que tal irrealidade sexa froito da miña imaxinación...

Vivimos moi pouco tempo e arreo desperdiciamos cada segundo en cousas que a ninguén lle aportan nada.

Lucía Domínguez



BIOSHOCK - Diseñador: Irrational Games.  
Plataformas: PC, XBOX 360, Play Station 3  
Clasificación: + 18



O xogo transcorre en 1960. O protagonista, Jack, está a viaxar nun avión cando de súpeto, en medio do Atlántico, o aparato se precipita ao mar. Jack emerxe como pode á tona e dáse conta de que el é o único supervivente. Alisca unha especie de faro diante del ao que se vai achegando a modiño. Unha vez alí atopa unha batisfera que o conduce á cidade submarina de Rapture.

Esta cidade, construída en 1946 por Andrew Ryan, un home de negocios que tiña a intención de acoller nela a élite mundial en todos os campos do saber, co obxectivo de eliminar todo tipo de limitacións e normas que puidesen impoñer gobernos ou relixións e outorgarlles así plena liberdade para realizar as súas obras. Mais en 1960 e como consecuencia do descubrimento dunha substancia química, chamada ADAM, que permite mellorar xeneticamente as persoas, comezou a haber unha serie de mutacións nos habitantes de Rapture que acabou por destruír o equilibrio social existente ate o momento, dando lugar a un enfrontamento entre os que apoiaban o consumo desta substancia e os que non.

O obxectivo de Jack é, polo tanto, descubrir todo este misterio que rodea a cidade de Rapture e sobrevivir fronte os ataques de splisers, little sisters e Big daddies, empregando tanto armas convencionais, coma os chamados plásmidos, modificacións xenéticas que van facer moito máis doada a salvación de Rapture.

Xabier Rodríguez Martínez

# O ENTROÍDO NO IES 'ÁLVARO CUNQUEIRO'



# ACTIVIDADES DO IES ÁLVARO CUNQUEIRO

## Saídas e visitas en Uigo

- Exposición da Fundación Borsari de la Marz e do MARCO.
- Exposición sobre o Reconquista.
- Programa de Coacalla "Uigo por dentro".
- Visita á ONCE, Aquella, Centros Históricos de Uigo, Escola Obradoiro Mar de Uigo, Campos Universitarios de Uigo, Ilustración pola arquitectura galega, Plaza Comarcial, Casa de Coacalla.
- Visita a ANFACO.
- Asistencia a representacións teatrais programadas nas coas illas para os estudantes de francés, inglés e catalán.

## Actos culturais no centro

- Recital poético da semana do teatro catalán.
- Cursos didácticos do E-TRAD.
- Clase monográfica de música, movemento e danzas de Escocia.
- Celebración da Entrada.
- Semana dos frutos.
- Magaña.
- Día da Paz.
- Club de teatro.
- Actos sobre drogadicción, senlidade, VIH sida, etcétera.



## Excursións

- Aos montes de Falles, dentro do Programa Interdisciplinar sobre Consumo Responsable da Auga e outros Excursións.
- Saída a Madrid.
- Excursión a San Isidro.
- Día na Plaza de Congostas e Exposición de Santiago de Compostela para coñecer como se leva a cabo unha campaña electoral.



## VISITA A ANFACO-CECOPECA.

Esta visita coincide con a celebración da Semana da Ciencia. O obxectivo é que toda a sociedade, empezando polos alumnos de bacharelato e ciclos formativos, coñeza centros de investigación da nosa cidade. Foi unha visita guiada ao centro tecnolóxico de referencia para o sector transformador de produtos do mar, que incluíu tamén a realización de actividades de control analítico e I+D+i. Algunhas exemplos: detección de toxinas nos lípidos como mercurio e arsénico, diferenzas entre os tipos de lípidos, obtención de relacións para uso alimenticio, emprego dos aceites usados como biocombustíbel, etc.

## DÍA DA PAZ

Celebramos o día cunha exposición das nosas actividades para a semana da paz e á nosa cidade. O nosa incluíu unha portada composta de títeres, foto, carteis de reflexión ou publicitarios. Como complemento das nosas, fíxeron algunhas actividades: internacional, nacional, Galicia, local, económica, cultura, sociedade, deportes, ciencia e tecnoloxía, sucesos, coas na directiva, novas, cancións por palabras. Ademais, os alumnos de ESO de Plástica fixeron murais de moitos pacifistas que se presentaron no vestíbulo do instituto.



# ACTIVIDADES DO IES ÁLVARO CUNQUEIRO

## SAÍDA A MADRID

Entre os días 4 de 7 de marzo de 2009, un grupo de alumnos do 2º de bacharelato acompañados por dous profesores gázanse dende Vigo a Madrid, en cumprimento á formación académica do curso. O grupo visita a Congreso dos Deputados e máis a Senado, o Pazo Real, a Bolsa, a Xardín Botánico, as casas do Prado e a Realía Sefia. Fica un percorrido pola Madrid das Artes e quedalle tempo para realizar unha compra. O balance rexénda ser máis positivo.



## EXCURSIÓN A SAN ISIDRO

O seu principal obxectivo era que os alumnos desta centro tivesen contacto cos seus, unha experiencia que moitos deles aínda desexaban. Este tipo de actividades serven para que os alumnos realicen actividades deportivas coma o esquí, entre as relacións entre natureza pouco frecuentada por eles e coñecer entre si espazos de grande beleza.




## SEMANA DAS FROITAS

O obxectivo de tal actividade é que os alumnos aprendan a observar a variedade de que a froita forma parte da súa dieta cotiá e saíren de primeira man os riscos para a saúde que comporta a súa carencia. Durante esta semana dedicouse cada un dos días a unha froita diferente: mazá, pera, mandarina, plátano e, coma remate e co galle da celebración de magosto, a castaña. Ademais de coñecer unha parte da froita durante a primeira semana, os alumnos puideron informarse sobre aspectos elaborados por eles mesmos dos característicos de árbore, dos seus froitos e da súa capacidade nutricional.

## VISITA AOS MUIÑOS DO FOLÓN

O mércores 5 de novembro de 2008, un grupo de alumnos desta centro do 1º de ESO visitan os muiños do Folón, situados na parroquia de Rosal. A visita realizábase en compañía dos guías municipais e estaba incluída na materia interdisciplinar "Por un mundo responsable".



# O TRASNÓ

I.E.S. ÁLVARO CUNQUEIRO



EDGAR DENA MARTINEZ  
4-ESO-C

# O Trasnno

maio 09



Sen auga non hai semente  
sen semente non hai planta  
bágoas das nubes esvaran  
e caen docemente  
sobre os delicados flores